



Nota de prensa

Resultados do primeiro semestre do exercicio 2022

EROSKI OBTÉN UN RESULTADO DE 46,8 M€

- **O incremento das custas e o esforzo de redución de marxes para conter os efectos da inflación nos prezos limitan o seu beneficio operativo, que cae un 11% con respecto á primeira metade do pasado exercicio**
- **As vendas do grupo alcanzan os 2.633 M€**

Elorrio, 30 de setembro do 2022.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do primeiro semestre deste exercicio, a 31 de xullo do 2022, cun resultado positivo de 46,8 millóns de euros. Un beneficio impulsado en boa medida pola redución das custas financeiras, derivadas dunha menor cifra de débeda e inferiores impactos extraordinarios.

No seu conxunto, o grupo alcanzou unha cifra de negocio de 2.633 millóns de euros durante a primeira metade do exercicio. Así, nun contexto de inflación de máis de 10 puntos, as súas vendas medran 4 puntos. Isto é reflexo, por unha banda, do esforzo na promoción do grupo durante os primeiros seis meses do exercicio para trasladarlles aforro ás persoas consumidoras ante a situación inflacionaria actual. Por outra banda, é tamén consecuencia da tendencia dos fogares cara a unha cesta da compra máis económica.

Neste sentido, a contención da alza de prezos, a carón do aumento da actividade promocional, levada a cabo a través de descontos e ofertas, elevou a 183,6 millóns de euros o aforro trasladado ás familias por EROSKI na primeira metade do ano. Este esforzo e mais o incremento de gastos en partidas como a electricidade, o transporte ou os alugueres, ten como resultado que o beneficio operativo corrente diminúise un 11%, alcanzando a cifra de 94,3 millóns de euros no primeiro semestre do 2022.

Contención de marxes

"En EROSKI estamos a realizar un esforzo considerable para contermos os efectos da inflación nos prezos. Para iso estamos a baixar as nosas marxes, co obxectivo de non repercutirmos nas persoas consumidoras o elevado aumento de custas que estamos aturando. Tratamos de contribuír así a reducir os efectos que a inflación está a causar no aforro das familias, que levan meses readaptando o seu

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online



orçamento e mesmo modificando as súas preferencias de compra e hábitos de consumo", explicou a CEO de EROSKI, Rosa Carabel.

"As marxes do negocio alimentario reducíronse de xeito considerable, xa que, amais da presión nos nosos gastos operativos, os nosos provedores e produtores trasladánnos nas súas tarifas os incrementos de custas que eles tamén soportan na súa conta de explotación. Puxemos en marcha asemade un programa de aforro moi intenso que pretende axudar a que a situación sexa algo mellor de levar. Isto facémolo a través dos nosos prezos de venda, das nosas promocións máis extremas e do noso club de fidelización", detallou Rosa Carabel. A CEO de EROSKI tamén explicou que, ademais, o grupo puxo o foco nos produtores locais, para ofrecerlles colaboración e apoio, xa que se están a ver afectados especialmente pola actual conxuntura económica. *"En EROSKI somos conscientes das dificultades que estamos aturando todos os elos da cadea alimentaria e máis os fogares. Dende o primeiro momento o noso obxectivo foi xestionar a situación do mellor xeito posible, tratando de colaborar ao máximo, con responsabilidade",* afirmou Carabel.

Durante a primeira parte do ano, o grupo EROSKI investiu 39,5 millóns de euros, destinados principalmente á remodelación de 60 supermercados e á apertura de 37 novas tendas, 7 supermercados propios e 30 establecementos franquizados, que xeraron 355 novos postos de traballo.

Ademais, o grupo, en cumprimento dos seus compromisos financeiros, amortizou 16 millóns de euros de débeda durante os primeiros seis meses deste exercicio.

Grupo EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español (Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares), cunha cota superior ao 12% nese mercado. A súa rede comercial elévase a 1.646 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e o supermercado *online*, e ten ademais gasolinerías, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta tamén con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*